



.....

Xornada

A vulnerabilidade na encrucillada

**Pensadoras
contemporáneas e
experiencias no ámbito
sanitario**

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
17 de xuño de 2021



A importancia que cobrou o tema da vulnerabilidade ao abeiro do século XXI fíxose máis evidente na presente situación de pandemia. Desde 2004, filósofas como Judith Butler trataron de repensar o humano a partir da categoría de vulnerabilidade e, con iso, puxeron de manifesto que a esencia de calquera relación social é a exposición aos outros, o que implica a posibilidade de que nos afecten, de que nos danen voluntaria ou involuntariamente. Porén, esta exposición é ambivalente: os outros que poden ferirnos son ao mesmo tempo aqueles dos que dependemos para vernos sandados. É máis, o mesmo xesto de coidarnos pode en calquera momento converterse en agresión. De xeito que a aposta pola vulnerabilidade eríxese nun recordatorio da precariedade das nosas vidas, de que estamos entrelazados uns a outros, e a procesos vitais, sociais e naturais que nos exceden.

A partir da intervención de investigadoras dos ámbitos da saúde e o coidado das mulleres, da teoría feminista e da filosofía, abordaranse estes temas e expoñerase de forma especial o feito de que, se ben a nosa común condición de vulnerables podería sentar as bases dunha comunidade global máis xusta e menos violenta, cómpre atender tamén á desigual distribución da precariedade, ao feito de que hai suxeitos, situacións e colectivos máis vulnerables.

Imaxe da portada: Pareda das parideiras. Reprodución das pinturas rupestres de Peña Escrita (Fuencaliente, Cidade Real). Arquivo do Museo Nacional de Ciencias Naturales (CSIC-MNCN)

Programa

.....

Sesión da mañá

09:30 horas

Presentación das xornadas

Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega
Carme Adán e **María Xosé Agra**, coordinadoras da xornada e integrantes da Sección de Pensamento

10:00 horas

Pensar a vulnerabilidade e a violencia coas filósofas [videoconferencia]

Fina Birulés, investigadora do Seminari Filosofia i Gènere-ADHUC e do Proxecto "Vulnerabilidade no pensamento filosófico feminino" da Universitat de Barcelona

11:00 horas

Parir en tempos de pandemia. Elementos de vulnerabilidade e resiliencia

Josefina Goberna, investigadora principal do Proxecto "Vulnerabilidade no pensamento filosófico feminino", secretaria de ADHUC e profesora do Departamento de Enfermaría da Saúde Pública, Saúde Mental e Maternoinfantil da Universitat de Barcelona

12:00 horas

Descanso

12:30 horas

Investigación en coidados nun contexto de vulnerabilidade: unha mirada dende a práctica

María Jesús Movilla Fernández, profesora na Facultade de Enfermaría e Podoloxía da Universidade da Coruña e vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Sesión da tarde

16.30 horas

Sesión de relatorios e diálogos interdisciplinares sobre formas de violencia e vulnerabilidade contemporáneas

Moderador: **Carme Adán**

- **Silvia Costa**, profesora do Departamento de Enfermaría Fundamental e Medicocirúrxica da Universitat de Barcelona

- **Gemma Cazorla**, matrona en Corporación Sanitària Parc Taulí (Sabadell) e profesora asociada da Universitat de Barcelona

- **Elena Laurenzi** [videoconferencia], profesora de Historia do Pensamento Político da Università del Salento (Italia)

Organiza

Sección de Pensamento (CCG)
Consello da Cultura Galega

Colabora

Proxecto “Vulnerabilidade en el pensamiento filosófico femenino. Contribuciones al debate sobre emergencias presentes”. PGC2018-094463-B-100 (MCIU/AEI/FEDER, UE)

Coordina

Carme Adán Villamarín
María Xosé Agra Romero

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organiza:



Colabora

